

“Dios che dea buenos días
e tamén las madrugadas
mosa qu’andabas na ihorta
collend’as marafalladas.”

“As miñas marafalladas
a ti non ch’importan nada
xa que díos así o quixo
d’eu non se-la túa dama.”

“A miña dama no-a fostes
por culpa de túa soghra
o día que ti te cases
hei de pór monteira nova.”

“Has de pór monteira nova
ghuapo non é maravilla
porque non ch’acabou
o diñeiro de Castilla.”

“O diñeiro de Castilla
queridiño tes rasón
que o ghashamos-los dous
na taberna do Cotón.”

“S’o ghashastes n-o ghasharas
eu non cho mandei ghashar
de sete damas que tés
dime cal has de ghozar.”

“Das sete damas que’eu teño
ti non tes que ver co eso
de sete damas qu’eu teño
ti e-la de menos presio.”

“Eu son a de menos presio
queridiño xa o sei
se son a de menos presio
como compro venderei.”



“Meu xustilliño de seda
que polas festas salistes
meu diñeiro mo costastes
miña bolsa mo sentistes.”

“Se mo destes non mo deras
se cho tomei fixen ben
as cousiñas que se dan
non se achacan a ninguén.”